

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE, A TRAVÉS DA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE, E O COLEXIO OFICIAL DE ADMINISTRADORES DE FINCAS DE GALICIA E A AGAXEN, ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DE AUDITORÍA SOCIOLABORAL DE XÉNERO E DA PREVENCIÓN DO ACOSO E DA VIOLENCIA DE XÉNERO NAS ORGANIZACIÓNS, PARA A PREVENCIÓN E DETECCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO E O ACOSO SEXUAL NO ENTORNO VECIÑAL

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

Que na súa Disposición adicional segunda establécese que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia no ámbito da violencia de xénero, que sirvan de canle de actuación e colaboración para conseguir, entre outros, no ámbito social, unha atención integral e coordinada ás mulleres que sofren violencia de xénero.



Pola súa banda, o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, aprobado na sesión plenaria do Congreso o 28 de setembro de 2017 e na sesión do Senado do 13 de setembro de 2017, é un acordo social, político e institucional que recolle medidas básicas en materia de violencia de xénero a través de cal poder consolidar e avanzar na erradicación da violencia de xénero. Este Pacto contén un conxunto de diversas propostas para previr e combater a violencia contra a muller, e fomentar accións de sensibilización e prevención de violencia de xénero sobre a desigualdade de xénero e as consecuencias que ten para a vida das mulleres e nenas.

Que o Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia (COAFGA), é unha corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia. Que conta entre os principios xerais que rexen a profesión de administración de fincas, a de procurar manter a mellor relación e convivencia entre as persoas propietarias nas comunidades que administran.

Así mesmo AGAXEN, Asociación Galega de Profesionais de Auditoría Sociolaboral de Xénero e da Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas Organizacións”, é unha entidade que ten entre as súas finalidades básicas as de fomentar o interese polo estudo e investigación en materias socio-laborais e de xénero, prevención do acoso laboral, sexual e por razón de sexo e prevención da violencia de xénero, así como calquera outra discriminación ilícita no ámbito do traballo.

Pola súa experiencia e dado o contacto tan directo que as persoas colexiadas integradas en COAFGA que se dedican profesionalmente á Administración de fincas teñen cos propietarios e propietarias dos inmobles nos que se desenvolven as súas tarefas, colócaos nunha situación privilexiada para transmitir información ás persoas propietarias, así como é destacar o papel tan activo que na prevención e loita contra a violencia de xénero a AGAXEN, Asociación Galega de Profesionais de Auditoría Sociolaboral de Xénero e da Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas Organizacións” está a levar a cabo en Galicia.

A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, estima de interese público proseguir coa liña de traballo conxunta no apoio á prevención e detección de situacións de violencia de xénero nas comunidades de



propietarios e propietarias nas que estean presentes os administradores e administradoras de fincas colexiados/as por mor do seu exercicio profesional, así como na distribución e difusión do material informativo e de sensibilización a prol da eliminación da violencia contra as mulleres coa finalidade de procurar a maior difusión posible do mesmo.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

